

O NÚMERO DOS SUBSTANTIVOS

Ben sabemos xa que se nos referimos ao número dos substantivos estamos a falar de **singular** (*palabra*) e **plural** (*palabras*). Porén, é importante aprender a formar correctamente o plural dos substantivos. Velaquí algunhas claves:

Engaden -s:

- Rematadas en vogal: *rei-reis,omalí-somalís, tabú-tabús*.
- Rematadas en -n: *dolmen-dolmens, mitin-mitins*.
- Rematadas en consoantes distintas de -l, -r, -z: *álbum-álbums, club-clubs, test-tests*.

Engaden -es:

- Rematadas en -r: *dólar-dólares*.
- Agudas rematadas en -s: *revés-reveses* *Agás *o luns-os luns* (invariable)
- Graves e monosílabas rematadas en -l: *mel-meles, fácil-fáciles*.

Engaden -is:

- Agudas rematadas en -l: *papel-papeis, fiel-fieis, infantil-infantís*.

Non varían:

- Rematadas en -x: *o fax-os fax*.
- Graves e esdrúxulas rematadas en -s: *o lapis-os lapis, o mércores-os mércores*.